

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Artigo 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 87 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o coeficiente do Imposto sobre Actividades Económicas aplicable neste Municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º.-

1.- Aos efectos previstos no art. 87 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, as vías públicas deste municipio clasifícanse en dúas categorías fiscais.

Anexo a esta Ordenanza Fiscal figura a relación de vías públicas con expresión da categoría fiscal que corresponde a cada unha delas.

2.- Sobre as cotas do imposto, incrementadas pola aplicación do coeficiente de ponderación sinalado no art. 86 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e atendendo á categoría fiscal da vía pública donde radica físicamente o local no que se exerza a actividade económica, establécense os coeficientes de situación seguintes:

- Categoría 1ª: coeficiente de situación do 1,75.
- Categoría 2ª: coeficiente de situación do 1,10.

Artigo 3º.-

Quen inicie o exercicio de calquera actividade empresarial e tribute por cota mínima municipal, disfrutará durante os cinco primeiros anos dunha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, con suxeición ao disposto nas tarifas do imposto sobre actividades económicas.

Para poderen disfrutar da bonificación requerirase que a actividade económica non se exercera con anterioridade baixo outra titularidade; entendéndose, tamén, como casos de actividade anterior, os supostos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.

A presente bonificación alcanzará á cota tributaria que poidera resultar da aplicación do coeficiente e do índice de situación que, en aplicación da Lei 39/1988, contéplase na correspondente Ordenanza Fiscal.

A bonificación comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro do ano 2000, e terá vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

Clasificación das vías públicas aos efectos da aplicación do art. 2 da presente Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Actividades Económicas.

Categoría 1ª: As vías públicas dos seguintes Polígonos Industriais ou Parques Empresariais:

- Polígono Industrial de Begonte.
- Parque Empresarial de Pacios- Baamonde.
- Parque Empresarial de Carral (Parque Empresarial SAU-2).
- Terreos da marxe Esquerda, da Estrada N-VI “Madrid – A Coruña “, delimitados no Planeamento vixente como solo urbano industrial.

Categoría 2ª: Resto de vías públicas do municipio.